

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 11 DE NOVEMBRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 11 de novembro de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 6 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D<sup>a</sup>. Rosa María Otero Malvárez, técnica de xestión de Desenvolvemento local e Emprego, suplente da xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local (asiste aos puntos 5a e 6b)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e aos seus organismos autónomos (6.342-241) (emenda de documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 31 de outubro de 2019, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a AON GIL Y CARVAJAL, S.A. para que emendase a documentación persoal, concretamente o DEUC. O referido licitador presentou documentación dentro do prazo concedido.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade, admitir neste procedemento a AON GIL Y CARVAJAL, S.A. por ter emendado correctamente os aspectos sinalados no acordo da Mesa de Contratación de data 31 de outubro de 2019 no documento europeo único de contratación (DEUC).

### **5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:18	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA446-5B2A22-BFD55A-RHKG4K-DN5YPPF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**avaliables mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do sistema de alarma antirrobo con videovixilancia nos centros de emprego (16.564-77)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e a técnica de xestión de Desenvolvemento local e Emprego o 5 de novembro de 2019 de valoración do sobre A “*proposición avaliabile mediante xuízo de valor*” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**6.- Apertura económica**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e aos seus organismos autónomos (6.342-241)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “*Proposición avaliabile mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución da comisión de corretaxe						Increm. horas mín. formac. persoal munic.
		RC	Vehículos	Vida	Accidentes/ esións deportivos	Patrimonio cultural	Outros	
1	AON GIL Y CARVAJAL, S.A.	5%	5%	5%	5%	5%	5%	30,00
2	BORRÁS-VÁZQUEZ-CAMESELLE-ARTAI CORREDURÍA	2%	3%	2%	4%	7%	7%	24,00

Asisten á apertura D. Javier Santodomingo, con DNI **\*\*.\*73.56\***, representante de BORRÁS-VÁZQUEZ-CAMESELLE-ARTAI CORREDURÍA e D<sup>a</sup>. Iria Orro Martínez, con DNI **\*\*.\*04.38\***, representante de AON GIL Y CARVAJAL, S.A. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do sistema de alarma antirrobo con videovixilancia nos centros de emprego (16.564-77)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:18	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA446-5B2A22-BFD55A-RHKG4K-DN5YPF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

ALCOR SEGURIDAD, S.L. (D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> SUSANA RODRÍGUEZ ÁLVAREZ):

- 1.- Propón un prezo total do contrato de 3.872,00 euros.
  - 2.- Propón a instalación e mantemento dos seguintes sistemas de gravación:
    - Módulos antisabotaxe: 6
    - Detectores volumétricos: 8
    - Incrementa o número cámaras de videovixilancia sobre o mínimo exixido no PPT (5 cámaras) en 7 cámaras.
    - Unha plataforma de xestión de videovixilancia remota:
      - con acceso desde móbil á plataforma: si
      - con xestión de cámaras remota: si
  - 3.- Propón un tempo de resposta ante avarías de 2horas e 59 minutos horas.
  - 4.- Propón unha periodicidade trimestral nas revisións e control de todos os medios de seguridade.
- \* Achega o orzamento detallado esixido no PCAP.

SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.

- 1.- Propón un prezo total do contrato de 6.531,84 euros.
  - 2.- Propón a instalación e mantemento dos seguintes sistemas de gravación:
    - Módulos antisabotaxe: 15
    - Detectores volumétricos: 12
    - Incrementa o número cámaras de videovixilancia sobre o mínimo exixido no PPT (5 cámaras) en 3 cámaras.
    - Unha plataforma de xestión de videovixilancia remota:
      - con acceso desde móbil á plataforma: si
      - con xestión de cámaras remota: si
  - 3.- Propón un tempo de resposta ante avarías de menos de 3 horas.
  - 4.- Propón unha periodicidade trimestral nas revisións e control de todos os medios de seguridade.
- \* Non achega o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

Á vista do resultado anterior e, de conformidade co previsto na cláusula 16.3 do PCAP (“As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de



aplicar a fórmula".) outórgase a ALCOR SEGURIDAD, S.L. a máxima puntuación pola súa proposición avaliable mediante fórmula, 88 puntos (apartado 7B do Anexo I -FEC-).

Tendo en conta a puntuación outorgada a este licitador no informe de data 5 de novembro de 2019 (6 puntos), a puntuación total é 94 puntos.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Excluir a SEGURSYSTEM EUROPA, S.L. por exceder a súa oferta o orzamento base de licitación (motivo e exclusión previsto no artigo 84 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e na cláusula 14.2B do prego de cláusulas administrativas particulares).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do sistema de alarma antirrobo con videovixilancia nos centros de emprego (16.564-77) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	ALCOR SEGURIDAD, S.L.	94 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALCOR SEGURIDAD, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia:

- Acreditación da constitución garantía definitiva.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.
- Acreditación da solvencia económica e técnica e da habilitación profesional esixidas no apartado 5 do Anexo I -FEC-.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI.

## 11.- Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "humanización estrada provincial 2001- Calvario A Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), lugar de Porto" (108-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:18	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA446-5B2A22-BFD55A-RHKG4K-DN5YPPF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "humanización estrada provincial 2001- Calvario A Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), lugar de Porto" (108-441)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 24 de maio de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO", suscrito pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRES MILLÓNS TRESCENTOS ONCE MIL DEZASETE EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (3.311.017,39 EUROS), de data abril de 2018, e con firma dixital de datas 20 e 25 de abril de 2018.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 20.05.2019.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "TRES MILLÓNS TRESCENTOS ONCE MIL DEZASETE EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS" (3.311.017,39 EUROS), sendo o importe correspondente ao IVE de 574.639,38 €.*

*Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.619.00.09 "C. DEP.2ª ANUAL.IGREXA BEADE-GARRIDA, TRAMO REGATO", de acordo coas seguintes anualidades:*

2019: 2.724.643,42 euros  
2020: 586.373,97 euros

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 17 de outubro de 2019 adoptou a seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:18	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA446-5B2A22-BFD55A-RHKG4K-DN5YPP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola enxeñeira industrial de Vías e Obras, o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento os días 9 e 10 de outubro de 2019:*

1. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
2. UTE AUDECA, S.L.U, y MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "humanización estrada provincial 2001- Calvario A Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), lugar de Porto" (108-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	UTE ORECO, S.A.U. - NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	97,94
2	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	95,55
3	CIVIS GLOBAL, S.L.	93,30
4	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	92,02
5	UTE CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L. - CONSTRUCCIONES JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS, S.A.	84,34
6	NAROM, S.L.	83,12
7	EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A.	82,16
8	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	75,27
9	COPCISA, S.A.	72,87

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORECO, S.A.U. - NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORECO, S.A.U. - NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., o día 22 de outubro de 2019, que presenta a documentación requirida o 6 de novembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de novembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:18	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA446-5B2A22-BFD55A-RHKG4K-DN5YPP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORECO, S.A.U. - NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE ORECO, S.A.U. - NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 24 de setembro e 16 de outubro de 2019, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da resolución da concelleira delegada de Contratación de data 17 de outubro de 2019 pola que se exclúe deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola enxeñeira industrial de Vías e Obras, o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento os días 9 e 10 de outubro de 2019:*
  - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
  - UTE AUDECA, S.L.U, y MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)
2. *Adjudicar á UTE ORECO, S.A.U. - NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. o*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:18	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA446-5B2A22-BFD55A-RHKG4K-DN5YPPF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*procedemento aberto para a contratación das obras de "humanización estrada provincial 2001- Calvario A Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), lugar de Porto" (108-441) por un prezo total de 2.455.119,39 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 426.095,10 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:18	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA446-5B2A22-BFD55A-RHKG4K-DN5YPF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		